

ESTRAÑOS FROITOS

Strange Fruit (Lady Day)

Estraños froitos ciscados nas cunetas.
Estraños froitos baixo as árbores
a chorar outonos de folla en sangue.
Pontevedra, ano cero, o 36.
Velaí veñen, azuis, as falanxes da morte
marchando pola Oliva en flor de Lis.
Galiza entoa o seu jazz silente,
novamente.
¿Baixo que árbore che tocou ser froito a ti,
meu fillo, meu pai, irmán, amigo meu?

Só mataron a carne.
Só mataron esa bouza na man tendida
ao tacto da senda de corpos tan queridos.
Non asasinaron a conciencia do beixo,
o libro da pel aberto
ao anónimo agarimo dos nomes
da enchente de loitas apagadas
no impasible ademán dos paredóns.
Un inaturable trebón de presenzas
como espigas metodicamente mortas
no repugnante tacto dos que vos venderon.
¡Que soa deixaron a carne a este lado!

¿Baixo que árbore medras ti, Alexandre?
Que estraño froito a palabra pura
da túa voz rebentando a necia rocha
coma unha Escalibor de ideas,
ou caricias.
¿Baixo que fecunda árbore sementaron
a querida patria dos teus beizos?
Dinos o piñeiro onde chorarte, qué carballa
dá sombra ao fértil faro da túa morte.
Mira, fita para a túa nai, aí, á carón túa,
baixo a túa árbore chorando os seus outonos.
E míranos agora a nós:
Nós, aquí erguidos,
aquí plantados, medrando como arelas
á sombra da eterna árbore do teu nome.
Non temas, seremos dignos, merecentes
da espada, da caricia escintilante que nos legas.

Só mataron a carne, o tento do corpo,
a pel aloumiñante, o teu semblante.
Mataron a carne, si, na cidade morna
fusilaron o músculo, o óso esperanzado.
Mais a flor da laranxeira aínda florece
bicando as prazas de meniño rostro.
Ven de novo a pasear da nosa man
o poderoso reino destas rúas.

Como ves, compañeiro, aquí nos tes:
a camelia un día empuñada segue aquí,
fincada en nós, como un aceno radiante

que nos lanza no cáliz do tempo
tras esa estrela, Grial das procuras.
Velaquí, estraño froito, o teu berro en nós.
Mira como esfolia na raíz do ser
esta espiña de futuros por gañar.